

PRÓRROGA DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CIEGOS ESPAÑOLES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ASESORAMENTO NA PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL E NO APOIO Á INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL NO ÁMBITO DO PARLAMENTO DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte, D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 e modificado o 6 de agosto de 2015.

Doutra, D. Manuel Martínez Pan, delegado territorial da Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) en Galicia, que actúa ao abeiro das facultades que se recollen na escritura outorgada ante o notario de Madrid D. José María Mateos Salgado o 4 de febreiro de 2019, con número 381 do seu protocolo.

Intervindo as partes no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas,,

ACORDAN

Ao abeiro da cláusula sexta do protocolo de colaboración subscrito en data catorce de xullo de dous mil vinte, entre o Parlamento de Galicia e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) a realización de actividades de asesoramento na promoción da accesibilidade universal e no apoio á inserción laboral de persoas con discapacidade visual no ámbito do Parlamento de Galicia ambas as partes expresan a súa vontade de prorrogar a vixencia deste protocolo por un ano, por tanto ata o catorce de xullo de dous mil vinte e dous.

Recoñecéndose mutua e recíproca capacidade para obrigarse mediante o antedito protocolo nos termos que nel se conteñen, en sinal de conformidade, e para a debida constancia de todo o convido, asínase este acordo expreso de prórroga, marcando a súa formalización o día da última sinatura.